



FINALIDADE (TIPO DE ACTIVIDADE)

Camiño de obstáculos.



DURACIÓN

50'



MATERIAIS

Follas de papel.

Rotuladores grosos.

Fita adhesiva.

Post-it de cores.

Bolígrafos ou lapiseiros.

Obxectos que sirvan de obstáculo: cadeiras, cordas, conos, etc.



OBXECTIVO

Reflexionar sobre como as situacións de pobreza na infancia e a adolescencia dificultan o acceso ós recursos sanitarios, que condiciona que non haxa igualdade de oportunidades para todo o mundo e propor solucións.

“CARREIRA DE OBSTÁCULOS PARA A SAÚDE”

DESENVOLVEMENTO

1º. Entre todo o grupo lese o artigo 24 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito á saúde e fálase do que é un recurso sanitario.

- Art. 24 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó goce do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde. Os Estados Partes esforzaranse por asegurar que ningún neno sexa privado do seu dereito ó goce deses servizos sanitarios”.

Ligazón á [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 9 a 12 anos. ([versión pdf](#)).

- Recursos sanitarios: son cada un dos elementos e/ ou medios (infraestruturas, servizos, materiais) que conforman un sistema sanitario.

2º. Faise unha choiva de ideas sobre que recursos sanitarios coñecen ou cren que deberían ter acceso e vanse escribindo cada un nunha folla con letra grande.

Algúns recursos pódense agrupar, por exemplo, se se din varios tipos de consultas como traumatólogo, dermatólogo, etc., poderíanse agrupar como “centros médicos de especialidades”.

- Algunhas ideas de servizos sanitarios son: pediatría, enfermería, vacinas, medicinas, farmacia, lentes, ortopedia, odontoloxía, oftalmoloxía, unidades de psicoloxía, unidades de psiquiatría, etc. e outras especialidades médicas.

3º. Colócanse os carteis de recurso nun dos laterais do espazo pegados de tal xeito que quede distancia entre eles. Debe ser unha zona onde poder ter unha distancia ata chegar a cada un dos carteis en liña recta para poder facer unha “carreira de obstáculos”.

Nota: a cantidade de recursos ou a agrupación dos mesmos farase tendo en conta as características e capacidades do grupo e do tempo dispoñible para poderse deter en máis ou menos número de recursos.

4º. Despois noméanse as dificultades que se atopan para acceder a cada recurso sanitario e escríbense en post it ou adhesivos e vanse poñendo de xeito visible en diferentes obxectos que van a servir de obstáculos antes de cada un dos recursos. Para cada un dos recursos pode haber diferente número de obstáculos.

- Representación de obstáculo como dificultade: discriminación, vulnerabilidade, escaseza, etc.
- Algúns obstáculos físicos para a actividade poderían ser: cadeiras para pasar por debaixo, cadeiras para saltar por enriba, cordas para camiñar en equilibrio sobre elas, conos para dar 3 voltas arredor, etc.

9 A 12
ANOS



Sanitario

“CARREIRA DE OBSTÁCULOS PARA A SAÚDE”

DESENVOLVEMENTO

5°. Fórmanse equipos de 2 ou 3 persoas e cada equipo ten que chegar ata cada un dos recursos ideando solucións propostas. Para poder avanzar superando cada un dos obstáculos do percorrido hai que escribir unha idea de como superar o obstáculo, anotalo nun post it e pegalo xunto ó obxecto que o representa.

Nota: é importante que as ideas para ter acceso ós recursos non sexan desexos e que sexan propostas concretas, é dicir, que non sexa algo como “que haxa máis pediatras” ou “que todo o mundo teña cartos para mercar lentes”, senón “que se contraten máis pediatras e haxa en tódolos centros de saúde” ou “que as lentes sexan gratuítas para os nenos e as nenas”, etc.

6°. Cando se remate a actividade, ponse en común con todo o grupo para que se vexan as propostas de tódolos equipos.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- Que tipos de recursos sanitarios coñecedes?
- Tódalas nenas e nenos teñen acceso a todos? A cal si? A cal non?
- Que mozas e mozos son os que non teñen acceso a algúns recursos sanitarios?

Que pensas (opinión)

- Por que credes que algunhas nenas, nenos e adolescentes teñen máis acceso a recursos sanitarios e outros menos?
- Como pensades que é a contorna das nenas, nenos e adolescentes que teñen máis difícil o acceso ós recursos sanitarios?
- Pode afectar non ter algúns recursos sanitarios na vida das nenas, nenos e adolescentes? Como?

Que propós (propostas)

- Que se debería facer para que tódalas nenas, nenos e adolescentes podan ter os mesmos recursos sanitarios? Como se podería conseguir que houbera máis recursos sanitarios para a infancia e a adolescencia máis vulnerable?
- quen debería de se encargar de que tódalas nenas, nenos e adolescentes teñan igualdade de oportunidades para ter os mesmos recursos sanitarios? Como?

SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Pódese facer unha visita previa a algún centro de saúde e espazos relacionados coa saúde que haxa na súa contorna para que coñezan cales son os recursos que hai e tamén para detectar cales faltan.

Se non da tempo a que tódolos equipos fagan propostas de tódolos recursos, pódense distribuír os grupos por cada un ou varios recursos. Se é posible, que sexan os propios equipos quen elixa o recurso ó que queren chegar.

Para evitar que as propostas dos diferentes recursos se mesturen ó recollelos, pódense poñer post it de diferentes cores para cada recurso.

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

9 A 12
ANOS



Sanitario